

BENESTAR EN BALNEARIOS



Aberto o prazo para solicitar praza no programa **“Benestar en Balnearios 2016” da Xunta**

BALNEARIOS NA MODALIDADE DE “todo incluído” - Datas e Quendas - E PREZOS POR PRAZA

- Balneario de Acuña - *Caldas de Reis* – (Pontevedra).- do 14 ao 23 xuño/ do 6 ao 15 setembro - 356,68 €
- Caldaria Termal, S.L.U. *Arnoia* – Arnoia - (Ourense).- do 27 de abril ao 6 de maio - 376,46 €
- Balneario de Augas Santas, S.L.U. – *Ferreira de Pantón* – (Lugo).- do 4 ao 13 abril - 376,46 €
- Balneario de Baños da Brea, S.L. – *Vila de Cruces* – (Pontevedra).- do 20 ao 29 xullo / do 4 ao 13 xullo – 356,68 €
- Balneario de Baños de Molgas, S.L. – *Baños de Molgas* – (Ourense).- do 14 ao 23 xullo/ do 26 ao 4 agosto/ do 19 ao 28 agosto – 299,81 €.
- Balneario de Caldelas, S.L. – *Tui* – (Pontevedra).- do 26 setembro ao 5 outubro - 299,81 €
- Gran Balneario do Carballiño – *O Carballiño* – (Ourense).- do 20 ao 29 xuño/ do 15 ao 24 setembro – 299,81 €
- Baños Viejos de Carballo, S.A – *Carballo* – (A Coruña).- do 6 ao 15 xullo/ do 24 agosto ao 2 setembro/ do 5 ao 14 setembro/ do 17 ao 26 setembro/ do 11 ao 20 de outubro - 356,68 €
- Termas de Cuntis, S.L.– *Cuntis* – (Pontevedra).- do 2 ao 11 maio/ do 15 ao 24 xuño/ do 13 ao 22 xullo/ do 22 setembro ao 1 outubro - 376,46 €
- Caldaria Termal, S.L.U. *Laias* – *Cenlle* – (Ourense).- do 5 ao 14 de maio - 376,46 €
- Caldaria Termal, S.L.U. *Lobios* – *Lobios* – (Ourense).- do 26 xullo ao 4 agosto - 356,68 €
- Balneario do Río Pambre, S.L. – *Palas de Rei* – (Lugo).- do 6 ao 15 abril - 356,68 €
- Balneario Termas de Lugo, S.L. – *Lugo*.- do 21 ao 30 xuño/ do 1 ao 10 xullo/ do 11 ao 20 xullo/ do 27 xullo ao 5 agosto/ do 17 ao 26 agosto/ do 29 agosto ao 7 setembro – 376,46 €
- Balneario de Guíriz – (Lugo).- do 11 ao 20 abril/ do 26 setembro ao 5 outubro – 376,46 €
- Balneario Eurostars Isla de La Toja – *O Grove* – (Pontevedra).- do 17 ao 26 outubro – 376,46 €



Requisitos:

- Ser maior de 60 anos ou de 55 reunindo a condición de pensionista da Seguridade Social.
- Estar empadroado e residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- Valerse por si mesmo, atoparse en condicións de asistir e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, en fase activa, nin trastornos mentais ou conductuais non compensados.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- Reunir os requisitos establecidos, na data en que remate o prazo de presentación da solicitude.
- Os/as cónxuxes **non** terán que cumprir o requisito da idade.
- Poderán participar os/as fillos/as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre e cando non necesiten apoio de 3ª persoa, se poidan desprazar con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitores e, cumpran os requisitos citados excepto o da idade.

Documentación:

- Os Anexos I, II e III
- A copia do libro de familia, no caso de que a persoa solicitante vaia acompañado do/a fillo/a con discapacidade e, de non autorizar a súa consulta.
- DNIs e certificado de empadramento colectivo do solicitante, cónxuxe ou acompañante e, do/a fillo/a con discapacidade, se é o caso e, de non autorizar as súas consultas.
- Copias da declaración da renda do ano 2014 ou, de non facela, o certificado de imputación da renda e, o certificado de toda clase de pensións percibidas ou declaración responsable de non percibilas do solicitante, cónxuxe ou acompañante, e só no caso de que non se autorice a súa consulta

Prazo e lugar de solicitudes: as solicitudes achegaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, así como, opcionalmente en soporte papel. O prazo remata o **7 de marzo de 2016**, poderán informarse nas dependencias de Servizos Sociais e Igualdade do Concello.

Camariñas, 16 de febreiro de 2016

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade

Sandra Insua Rial